

Sábado 04 de outubro del 2008

FERROL

[Volver](#)

# Neda oponse a unha nova antena de telefonía no Roxal

## O Concello prevé denegar a petición dunha operadora polo enfrontamento social

**La Voz** | 4/6/2008

O Concello de Neda estuda pór o non por resposta á solicitude dunha operadora de telefonía móbil (Orange), para colocar unha antena reemisora na zona do Roxal coa que amplificar a súa cobertura na zona. Así o valora o concelleiro de Seguridade e Tráfico, Antonio Seijo, encargado da área competente na materia. «Hai que facer caso aos veciños», explicaba onte o edil de Terra Galega, quen mostrou a súa desconformidade cos plans da firma para ampliar a súa rede no municipio.

«Xa hai demasiadas antenas», conta Seijo. En total, o Concello contabilizou catro reemisores das compañías Movistar e Vodafone na contorna da Mourela e tamén no Roxal, principalmente nas partes altas do municipio. E agora é Orange quen se interesa pola zona, xa que se atopa no lombo dun monte desde o que se divisa toda a ría de Ferrol sen obstáculo algún.

No entanto, «quérenna poñer xusto ao lado das casas», conta o concelleiro; razón de peso pola que prefire evitala en consonancia cos veciños.

O Concello de Neda non conta aínda, como no caso doutros municipios veciños, de ordenanza algunha que normalice a instalación deste tipo de antenas. é por isto que se acolle á normativa xeral que regula en cuestións como a proximidade a edificios públicos, centros escolares e inmobles sanitarios, principalmente. Aínda así, Seijo mantense nos seus trece e sentencia que o único xeito de forzar ao Concello a favorecer esa instalación sería a través dun ditame xudicial contrario á opinión da veciñanza.



© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A.

Comercializa publicidade local:

Polígono de Sabón, Arteixo, A Coruña (España)

Comercializa publicidade nacional:

R.M. da Coruña: tomo 2438 do Arquivo, Sección Xeral, folio 114 vto., folla C-2141. CIF: A-15000649.